

ct

Desconexión

de
Santiago Cortegoso

(fragmento en galego)

INICIO
Ambiente de rúa

Pasa, pasa... Bos días!

Quietos aí... A onde ías ti, imbécil?

Moito rides... estades nerviosas?... que idade máis bonita... eses pantalóns vaqueiros están cortados a traizón...

Ride que xa choraredes en calquera momento... non vos queda nada... que desorientación vital.

Vaia gafas redondas de cu de botella leva ese... coidado non tropeces... e vaia peinado leva ese calvo...

Era mellor que te raparas de todo. Así tes máis cara de parvo ca Mortadelo... e ti quieto, que xa vexo que te queres coar.

Veña, nenos, pasade todos, con coidadiño... A estudar, eh, a portarse ben. Mira que guapos todos co mesmo traxe...Ides de excursión? Non soltedes o pano laranxa, así agarradiños da man, sempre detrás da profe. Fixestes os deberes?

Ala, borreguiños, seguides o rabaño, non vos desviedades da manada. Hai que aprender a entrar polo aro xa de pequenos, ir coa corda ben amarrada no pescozo tirada pola ovella adulta.

Non corrades, que podedes caer... vale... e non berredes, que non escoitades a profe... A modo... esas saias de cadros non son un pouco curtas de máis?

Pijos, carallo, xa vos meten a estupidez no cerebro desde pequenos. Nenos de mamá co uniforme para que se lle vexa a estirpe.

Escapade do cole, escapádelle aos curas que son perigosos, cando vos miran sorrindo non é por simpatía...

Ei, ti, levanta a cabeza, e ti tamén... ides mirando para os móbiles e aínda ides tropezar. Todo o día co pescozo flexionado e dándolle ao dediño... Hai moitas cousas para ver, hai un mundo fóra das pantallas.

Mirade para o teléfono: aquí fóra non hai nada interesante, non hai nada. Non sei como se podía vivir sen móbiles, tendo que mirar para a cara de xente todo o tempo, saturando a vista de caras de imbéciles.

Ata logo, señora. Vaia carro máis práctico. Imos á compra, non? Ei, ese autobús que bonito, vaia vaca... parece que estamos no medio do campo, con todo ese verde... non saben o que inventar para chamar a atención...

Deixade de venderme cousas, que pesadez, todo o puto o día a vender, a meterme cousas polos ollos. Non penso comprar esa merda. Non bebo leite que me dá noxo, dame ganas de vomitar... Por que lle falan todos a ese tipo?...

Debe ser famoso. Mira esas dúas que ben van quedar no selfie con el. Teñen pinta de ser nai e filla. E os outros tamén lle falan. Claro, sae na tele. En que serie? Como está o Star system... Pois por guapo non será porque...

É feo de carallo. Pero sae en todas as series. Dá igual cal boten, parece sempre a mesma, son todas iguais. Outro autobús pintado de arriba abaixo. Sácate de aí, Brad Pitt, non vou a un peli na que saias ti nin que me paguen.

A onde vas tan cargado coas bolsas? Do supermercado, do Corte Inglés, de Multiópticas, do Tiger... E ti tamén... Hai rebaixas ou que? Zara, Pull&Bear, Stradivarius... todas as de Amancio Ortega... mi madriña...

Estás explotando a rapaces no terceiro mundo. Esa roupa fana escravas de quince anos traballando en talleres insalubres en Tailandia, inconsciente, para que ti te poñas sexi a ver se atopas alguén que mire para ti e che quite esa cara de amargada.

Ei, un punki, vaia crista... Parece que volven os Sex Pistols... coas cadeas, o pantalón de cadros... Pensei que xa non quedaban destes... Que guai ese parche, Sid Vicious... Onde mercaches a chupa?

En Bershka, seguro. Está de moda o alternativo, eh. Seguro que es un pijo que non sabe o que é romper un vaso de tubo. Estás máis integrado na sociedade burguesa ca toda esa gomina que gastas cada día. Ei señora, coidado co can...

Que lle escapa... Que bonito, que raza será? Ah, vaille cheirar o cu ao foxterrier do cabaleiro de aspecto inglés, que atracción máis repentina... que bonito é o amor, non me estraña, vai tan acicalado.

Amarra a ese lambeconas, como me mexe aquí voume cagar en toda a patrulla canina, es máis animal ti ca el, estou ata o carallo de tanto can peiteado de deseño, quítalle a gabardina que non chove, papahostias! Ala, xa veñen os das preferentes a dar a brasa cos cazos...

Cantas razas de can haberá no mundo?... Coidado co neno, que che escapa detrás da pelotiña, ei, mira que hai coches. Cólleo da man, ou méteo nun carro. Non lle deixes a pelota ao lado da estrada.

Debíanche quitar a custodia, se non o sabes criar para que o tiveches? Para ver se nun descoido se mete debaixo dunha roda e lle aplastan o cerebro e se che acaba o problema? Hai que pensar as cousas...

Moi ben, compañeiros, reivindicando os vosos dereitos contra os abusos dos bancos, do capital. Aí todos coas camisetas, dando exemplo...

Cala coa trompeta, pesado... Hai que ler os papeis antes de asinalos. Para que querías cen mil euros no banco? Coa de xente que hai pasando fame...

Dádelle duro, debería estar todo o mundo aí con vós...

Así non conseguides nada. Se queredes cambiar algo prendédelle lume ao banco. Ou se protesta ou non se protesta, non hai punto intermedio...

Hai que loitar contra as inxustizas, contra os enganos...

Só loitades porque vos foron ao peto. Hai inxustizas peores que vos importan un carallo. Metédevos no Daesh, que eses polos menos teñen unha causa menos egoísta... Pero a onde vas ti, que está prohibido?

Habíate pillar un camión do lixo. Pero que pinto eu aquí?

Non lle gustan as caras de malas pulgas. Fanlle máis caso a unha cara amable.

Outro máis...

Habíache pasar por riba unha apisonadora e logo volver marcha atrás para deixarte ben esmagado no pichi. Este traballo é ridículo.

É ridículo pero fixo, de por vida.

Todo o día a controlar, a controlar...

A regular, a axudarlle á xente. A aportarlle algo á sociedade.

A dicirlle á xente o que ten que facer. Cruzade cando vos dea a gana e deixádeme en paz. Tedes a ruta marcada e non podeades saír dela. Como as abellas nunha colmea. Como as formigas nun formigueiro. Sodes peóns nun taboleiro de xadrez.

Ti avanzas para adiante e comes de lado.

Ti andas en L coma un cabalo.

Ese alfil vai en diagonal coma un cangrexo.

A ti todos te queren porque es a raíña.

E ao tempo téñenche medo.

Todos tedes medo uns dos outros.

Tedes medo de que vos coman.

Todos vos controlades uns a outros.

As negras contra as brancas e as brancas contra as negras.

Todos mortos de medo.

Pasan as horas, os días, os anos... e sempre é o mesmo, as rodas enganchadas unhas a outras xirando sen parar, as pezas que non saen dos seus eixos, sempre igual, repetindo o movemento sen saciarse, e eu no medio... eu só arrastrado pola corrente de máquinas que deambulan diante miña sen mirarme...

Quen move as pezas?

Onde está a man que os despraza?

Onde están os fios que moven os monicreques?

Desconéctase e sae do semáforo.

Música: Born to be wild.

Monta no coche e conduce.

A VOZ

A dez metros sae á dereita e colle a Rúa do Pracer.

A un metro sae. Non esperes máis. Sae.

Sae do coche.